

Matriculación en Bacharelato para persoas adultas

Preguntas frecuentes

1	<i>É certo que este curso académico 2023-2024 conviven dúas estruturas curriculares?</i>
Si. Debido á prórroga concedida ao alumnado adulto que iniciara os seus estudos de segundo de bacharelato en cursos académicos anteriores ao actual, este curso conviven: ▫ A estrutura establecida no Decreto 86/2015 (Bacharelato LOMCE). ▫ A estrutura establecida no Decreto 157/2022 (Bacharelato LOMLOE). Este será o último curso de prórroga. A partir do curso 2024-2025, o alumnado que iniciara os seus estudos en cursos anteriores deberá adaptar a súa matrícula á estrutura LOMLOE.	
2	<i>Antes do curso 2022-2023 superei todas as materias de primeiro. Este ano quero retomar os meus estudos. Podo matricularme só de segundo ou preciso cursar algunha materia de primeiro?</i>
Debe matricularse das materias de segundo que desexe; non necesitará cursar ningunha materia de primeiro salvo que os seus estudos fosen anteriores á LOE.	
3	<i>Estiven matriculada en primeiro de bacharelato con anterioridade ao curso 2022-2023, pero nunca me matriculei de materias de segundo. Este ano retomo os estudos, podo seguir cursando bacharelato LOMCE?</i>
Non, deberá adaptar a súa matrícula ao Bacharelato LOMLOE.	
4	<i>Quero continuar os meus estudos de Bacharelato e estou na seguinte situación: Teño materias de primeiro sen superar e este ano non é o primeiro no que me matriculo de materias de segundo curso, podo seguir cursando Bacharelato LOMCE?</i>
Si, se voluntariamente así o decide, pode cursar as materias de primeiro e de segundo de Bacharelato LOMCE, pero este será o último curso no que o poida facer. Se non titula este ano, no próximo deberá adaptar o seu currículo ao Bacharelato LOMLOE, tanto de primeiro como de segundo; por esta razón, é aconsellable que este ano lle dea prioridade a superar todas as materias de primeiro e chegar ao curso 2024-2025 só con materias de segundo. Para tomar esta decisión é aconsellable que teña en conta dous factores: ▫ As posibilidades reais de titulación neste curso. Por poñer un exemplo: se unha persoa da modalidade de Artes cursa este ano e supera a materia de Cultura Audiovisual II pero non titula, «perderaa» o curso próximo porque no currículo LOMLOE non figura como materia de tal modalidade. ▫ O número de materias que precisa para titular nunha ou noutra estrutura. Por poñer un exemplo: pode ser que unha persoa á que só lle falte por superar unha materia específica para completar primeiro, no cambio ao currículo LOMLOE teña primeiro curso completo.	

5

Quero continuar os meus estudos de Bacharelato e estou na seguinte situación: En anos anteriores ao actual cursei materias de segundo curso, podo cambiarme a Bacharelato LOMLOE?

Si, se voluntariamente así o decide, pode adaptar a súa matrícula ao novo bacharelato. Esta é a mellor opción para as persoas que non están en condicións de titular no presente curso.

Para tomar esta decisión é aconsellable que teña en conta o número de materias que precisa para titular nunha ou noutra estrutura. Por poñer un exemplo: pode ser que unha persoa á que só lle falte por superar unha materia específica para completar primeiro, no cambio ao currículo LOMLOE teña primeiro curso completo.

6

Estou na seguinte situación: Teño sen superar materias de primeiro e de segundo de Bacharelato. Este curso quero cambiarme ao novo Bacharelato. Teño que adaptar a matrícula dos dous cursos ou abonda con adaptar só segundo?

Abonda con adaptar a matrícula de segundo curso ao novo Bacharelato e superar as materias cursadas e non superadas de primeiro. Pero coidado, se non remata todo primeiro este curso, o próximo necesitará adaptar tamén todo primeiro ao novo Bacharelato.

7

Quero adaptar os meus estudos anteriores ao novo bacharelato. Cales son as equivalencias entre materias?

Materias do Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro	Materias do Real Decreto 243/2022, do 5 de abril
Artes Escénicas	Artes Escénicas II
Bioloxía e Xeoloxía	Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais
Cultura Audiovisual I	Cultura Audiovisual
Economía da Empresa	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio
Fundamentos da Arte II	Fundamentos Artísticos
Xeoloxía	Xeoloxía e Ciencias Ambientais
Primeira Lingua Estranxeira I	Lingua Estranxeira I
Primeira Lingua Estranxeira II	Lingua Estranxeira II
Tecnoloxía Industrial I	Tecnoloxía Industrial II
Tecnoloxía e Enxeñería I	Tecnoloxía e Enxeñería II

8 *Para obter o título de Bacharel LOMCE, que materias teño que ter aprobadas?*

		1.º curso	2.º curso	Total
Materias troncais	Xerais	4	4	8
	De opción	2	2	4
Materias específicas		Educación Física	2	5
		2		
Mat libre conf. aut. L. G. e L.		1	1	2
		10	9	19

9 *Para obter o título de Bacharel LOMLOE, que materias teño que ter aprobadas?*

		1.º curso	2.º curso	Total
Materias comúns		5	5	10
Materias de modalidade	Obrigatorias	1	1	2
	De opción	2	2	4
Materias optativas		1	1	2
		9	9	18

10 *Cales son as modalidades e as materias do Bacharelato LOMCE?*

As que constan nos cadros 1 e 2.

11 *Cales son as modalidades e as materias do Bacharelato LOMLOE?*

As que constan nos cadros 3 e 4.

Cadro 1

1º Bacharelato (LOMCE)					
		Modalidade de Ciencias	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais		Modalidade de Artes
			Itinerario de Humanidades	Itinerario de Ciencias Sociais	
Materias troncais	Xerais	- Filosofía - Lingua Castelá e Literatura I - Primeira Lingua Estranxeira I - Matemáticas I	- Filosofía - Lingua Castelá e Literatura I - Primeira Lingua Estranxeira I - Latín I	- Filosofía - Lingua Castelá e Literatura I - Primeira Lingua Estranxeira I - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	- Filosofía - Lingua Castelá e Literatura I - Primeira Lingua Estranxeira I - Fundamentos da Arte I
	De opción Elixir 2	- Bioloxía e Xeoloxía - Debuxo Técnico I - Física e Química	- Economía - Grego I - Historia do Mundo Contemporáneo - Literatura Universal		- Cultura Audiovisual I - Historia do Mundo Contemporáneo - Literatura Universal
Materias específicas		Educación Física			
		Escóllanse 2	- Análise Musical I - Anatomía Aplicada - Cultura Científica - Debuxo Artístico I - Linguaxe e Práctica Musical - Relixión - Segunda Lingua Estranxeira I - Tecnoloxía Industrial I - Tecnoloxías da Información e da Comunicación I - Volume - Unha materia do bloque de materias troncais non cursada polo alumno ou alumna		
Mat libre conf. auton.		Lingua Galega e Literatura I			

Cadro 2

2º Bacharelato (LOMCE)						
		Modalidade de Ciencias	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais			Modalidade de Artes
			Itinerario de Humanidades		Itinerario de Ciencias Sociais	
Materias troncais	Xerais	▪ Historia de España ▪ Lingua Castelá e Literatura II ▪ Primeira Lingua Estranxeira II ▪ Matemáticas II	▪ Historia de España ▪ Lingua Castelá e Literatura II ▪ Primeira Lingua Estranxeira II ▪ Latín II		▪ Historia de España ▪ Lingua Castelá e Literatura II ▪ Primeira Lingua Estranxeira II ▪ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	▪ Historia de España ▪ Lingua Castelá e Literatura II ▪ Primeira Lingua Estranxeira II ▪ Fundamentos da Arte II
	De opción Elixir 2	▪ Bioloxía ▪ Debuxo Técnico II ▪ Física ▪ Xeoloxía ▪ Química	▪ Historia da Filosofía Elixir 1 ▪ Economía da Empresa ▪ Xeografía ▪ Grego II ▪ Historia da Arte		▪ Artes Escénicas ▪ Cultura Audiovisual II ▪ Deseño	
Materias específicas		Escóllanse 2	▪ Historia da Filosofía ⁽¹⁾ ▪ Análise Musical II ▪ Ciencias da Terra e do Medio Ambiente ▪ Debuxo Artístico II ▪ Fundamentos de Administración e Xestión ▪ Historia da Música e da Danza ▪ Imaxe e Son ▪ Psicoloxía ▪ Relixión ▪ Segunda Lingua Estranxeira II ▪ Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica ▪ Tecnoloxía Industrial II ▪ Tecnoloxías da Información e da Comunicación II ▪ Unha materia do bloque de materias troncais non cursada polo alumno ou alumna			
Mat libre conf. aut.		▪ Lingua Galega e Literatura II				

Cadro 3

1º de Bacharelato (LOMLOE)						
		Modalidade Xeral	Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais	Modalidade de Artes	
					Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	Vía de Música e Artes Escénicas
Materias comúns		▪ Educación Física ▪ Filosofía ▪ Lingua Castelá e Literatura I ▪ Lingua Estranxeira I ▪ Lingua Galega e Literatura I				
Materias modalidade	Obrigatoria (escóllase 1)	▪ Matemáticas Xerais	▪ Matemáticas I	▪ Latín I ▪ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	▪ Debuxo Artístico I	▪ Análise Musical I ▪ Artes Escénicas I
	De opción (escóllanse 2)	▪ Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial ▪ Outras materias de modalidade ofertadas de 1.º	▪ Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais ▪ Debuxo Técnico I ▪ Física e Química ▪ Tecnoloxía e Enxeñaría I	▪ Economía ▪ Grego I ▪ Historia do Mundo contemporáneo ▪ Latín I ▪ Literatura Universal ▪ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	▪ Cultura Audiovisual ▪ Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I ▪ Proxectos artísticos ▪ Volume	▪ Análise Musical I ▪ Artes Escénicas I ▪ Coro e Técnica Vocal I ▪ Cultura audiovisual ▪ Linguaxe e Práctica Musical
Materias optativas (escóllase 1)		▪ Anatomía aplicada ▪ Antropoloxía ▪ Cultura Científica ▪ Literatura Galega do Século XX e da Actualidade ▪ Segunda Lingua Estranxeira I ▪ Tecnoloxías da Información e da Comunicación I ▪ Outras materias de calquera modalidade de 1.º				
Relixión						

Cadro 4

2º de Bacharelato (LOMLOE)						
		Modalidade Xeral	Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais	Modalidade de Artes	
					Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	Vía de Música e Artes Escénicas
Materias comúns		- Historia de Filosofía - Historia de España - Lingua Castelá e Literatura II - Lingua Estranxeira II - Lingua Galega e Literatura II				
Materias modalidade	Obrigatoria (escóllase 1)	Ciencias Xerais	- Matemáticas II - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	- Latín II - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	Debuxo Artístico II	- Análise Musical II - Artes Escénicas II
	De opción (escóllanse 2)	- Movimentos Culturais e Artísticos - Outras materias de modalidade ofertadas de 2.º	- Bioloxía - Debuxo Técnico II - Física - Química - Tecnoloxía e Enxeñaría II - Xeoloxía e Ciencias Ambientais	- Empresa e Deseño de Modelos de Negocio - Grego II - Historia da Arte - Latín II - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II - Xeografía	- Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II - Deseño - Fundamentos artísticos - Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica	- Análise Musical II - Artes Escénicas II - Coro e Técnica Vocal II - Historia da Música e da Danza - Literatura Dramática
Materias optativas (escóllase 1)		- Métodos Estatísticos e Numéricos - Psicoloxía - Segunda Lingua Estranxeira II - Tecnoloxías da Información e da Comunicación II - Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia - Outras materias de calquera modalidade de 2.º				
Relixión						